

denegación, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-O período de intensificación corresponde a cursos académicos completos, entendendo por tal o período que transcorre desde o 1 de outubro ata o 30 de setembro do ano seguinte.

Cuarto.-De acordo co estipulado no artigo 9 da orde de convocatoria, a consellería fará as achegas ás universidades, que actúan como entidades colaboradoras, anualmente. Para levar a cabo o recollido nos artigos 4 e 6 da Orde do 26 de decembro de 2005, pola que se establecen as bases do Programa de promoción da intensificación da actividade investigadora no sistema universitario de Galicia, utilizarase o convenio de colaboración asinado o 3 de marzo de 2005, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a designación das ditas universidades como entidades colaboradoras nas convocatorias de bolsas e axudas ao profesorado e alumnado universitario.

Para poder proceder ao libramento dos fondos será preciso que a universidade correspondente expida, na data límite do 31 de outubro do exercicio correspondente á anualidade de que se trate, a certificación expresiva da realización do gasto, que se referirá ao curso académico, isto é, ao período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro.

Quinto.-O incumprimento por parte dos beneficiarios de calquera das bases establecidas na orde da convocatoria suporá a perda do dereito a percibir a axuda correspondente.

Sexto.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 5 de setembro de 2007 pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2007-2008.

Por Orde do 7 de maio de 2007 (DOG do 16 de maio), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da consellería para o curso 2007/2008.

Reunida a comisión de valoración prevista no apartado sexto da devandita orde, de acordo coa proposta formulada por ela e de conformidade cos puntos primeiro, segundo e sétimo da orde de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.-Conceder as contías que se sinalan nos anexo I e II aos centros incluídos no Plan de mellora de bibliotecas escolares durante o curso 2006//2007, vistas as memorias de actividades levadas a cabo durante o devandito curso e os proxectos presentados para o curso 2007/2008.

Segundo.- Integrar no Plan de mellora de bibliotecas escolares 2007/2008 os 60 novos centros seleccionados, que se relacionan no anexo III.

Terceiro.- Asignar as contías que se detallan nos devanditos anexos, destinadas a apoiar a posta en marcha dos proxectos presentados.

Cuarto.- Os gastos realizados xustificaranse, segundo o establecido no punto oitavo da Orde do 7 de maio de 2007, antes do 20 de xuño de 2008.

Cuarto.-Non entregar a memoria e/ou a xustificación do gasto no prazo sinalado poderá ser causa de revogación das cantidades asignadas, debendo proceder o centro ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se poidan exixir.

Quinto.-O incumprimento total ou parcial dos proxectos ou das condicións que se tiveron en conta para a concesión poderán dar lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares na 1ª convocatoria (2005) Plambe_1 (alínea segunda, punto 1 a) da Orde do 7 de maio)

Código	Centro	Concello	Provincia	Importes (€)
				Fondos
15000107	CEIP Bispo Guerra Campos	Ames	A Coruña	300
15027733	IES de Arzúa	Arzúa	A Coruña	800
15001070	CPI Cruz do Sar	Bergondo	A Coruña	700
15002165	CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	Cambre	A Coruña	900
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	A Coruña	700
15021354	CEIP Bergantiños	Carballo	A Coruña	600
15021627	CEIP Emilia Pardo Bazán	Coruña, A	A Coruña	900
15023375	CEIP José Cornide Saavedra	Coruña, A	A Coruña	900
15024902	CEIP Wenceslao Fdez. Flórez	Coruña, A	A Coruña	600
15027897	IES Paseo das Pontes	Coruña, A	A Coruña	600
15032081	IES de Fene	Fene	A Coruña	900
15006754	IES Marqués de Suanzes	Ferrol	A Coruña	800
15007400	CPI Ponte Carreira	Frades	A Coruña	700
15026765	CEIP Milladoiro	Malpica	A Coruña	900
15024239	CEIP Os Muíños	Muxía	A Coruña	900
15011567	CEIP de Sigüeiro	Oroso	A Coruña	1000
15027848	CRA Nosa Sra. do Faro	Ponteceso	A Coruña	600
15027711	IES Leliadoura	Ribeira	A Coruña	600
15026029	IES Isaac Díaz Pardo	Sada	A Coruña	500
15026777	CEIP Pepe de Xan Baña	Sta. Comba	A Coruña	1000
27015751	CEIP Vista Alegre	Burela	Lugo	900
27014008	CPI Tino Grandío	Guntín	Lugo	600
27007259	IES Río Cabe	Monforte	Lugo	900
27012036	IES Gregorio Fernández	Sarria	Lugo	500
32003771	CEIP Curros Enríquez	Celanova	Ourense	900
32015190	CEIP Albino Núñez	Ourense	Ourense	600
32013612	IES Xesús Taboada Chivite	Verín	Ourense	600
36015093	CEIP San Tomé	Cambados	Pontevedra	600
36019220	IES Auga da Laxe	Gondomar	Pontevedra	900
36004137	IES Ramón Mª Aller Ulloa	Lalín	Pontevedra	800
36016590	CEIP Abelendo	Moaña	Pontevedra	600
36006420	CEIP Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	300
36006833	CEIP San Martiño	Pontevedra	Pontevedra	900
36019611	CEP Marcos da Portela	Pontevedra	Pontevedra	600
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	900
36020350	IES Pintor Colmeiro	Silleda	Pontevedra	800
36016051	CEIP Seis do Nadal	Vigo	Pontevedra	900
36011798	IES Alexandre Bóveda	Vigo	Pontevedra	800

ANEXO II

Centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares na 2ª convocatoria (2006) Plambe_2 (alínea segunda, punto 1 b) da Orde do 7 de maio)

Código	Centro	Concello	Provincia	Importes concedidos (€)			
				Fondos	Equipos	Mobiliario	Total
15025220	CEIP de Ventfín	Ames	A Coruña	1.600	1.000	600	3.200
15027721	IES de Ames	Ames	A Coruña	1.500	700	500	2.700
15023302	IES Manuel Murguía	Arteixo	A Coruña	2.200	800	600	3.600
15019301	CPI San Vicente	Baña, A	A Coruña	2.500	1.000	700	4.200
15001148	IES As Mariñas	Betanzos	A Coruña	3.400	1.000	600	5.000
15005257	IES Ramón Menéndez Pidal	Coruña, A	A Coruña	2.200	800	500	3.500
15005828	CEP Tarrío-Culleredo	Culleredo	A Coruña	2.600	1.000	700	4.300
15024227	CEIP de Pazos	Ferrol	A Coruña	2.500	1.000	850	4.350
15006699	CEIP Ibáñez Martín	Ferrol	A Coruña	1.300	800	600	2.700
15025268	IES As Telleiras	Narón	A Coruña	2.700	1.000	600	4.300
15027216	IES Fernando Esquío	Neda	A Coruña	2.600	1.000	600	4.200
15026391	IES Xulián Magariños	Negreira	A Coruña	2.300	800	500	3.600

ANEXO III

Centros que se integran no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2007/2008 (alínea segunda, punto 2 da Orde de 7 de maio)

Código	Centro	Concello	Provincia	Importes concedidos (€)			
				Fondos	Equipos	Mobiliario	Total
15026352	IES Esparís-Viceso	Brión	A Coruña	1.800	2.500	1.500	5.800
15027861	IES Pedra da Aguia	Camarínas	A Coruña	2.500	0	2.500	5.000
15026704	IES David Buján	Cambre	A Coruña	1.800	2.500	2.200	6.500
15011661	CEIP M. Fraga Iribarne	Cariño	A Coruña	3.000	2.300	1.500	6.800
15002761	CEIP de Carnota	Carnota	A Coruña	3.000	2.000	2.000	7.000
15003005	CPI Vicente Otero Valcárcel	Carral	A Coruña	4.000	0	1.200	5.200
15003224	IES Fernando Blanco	Cee	A Coruña	2.600	1.750	650	5.000
15003376	CPI O Cruce	Cerceda	A Coruña	3.200	900	900	5.000
15025025	CEIP San Fco. Xabier	Coruña, A	A Coruña	3.800	2.000	3.200	9.000
15025633	CEIP Os Casais	Fene	A Coruña	2.800	2.000	1.500	6.300
15006845	CEIP Isaac Peral	Ferrol	A Coruña	3.500	1.500	2.000	7.000
15021834	CEIP Manuel Masdfas	Ferrol	A Coruña	4.000	2.500	1.600	8.100
15021846	CEIP San Xoán de Filgueira	Ferrol	A Coruña	2.000	1.000	2.000	5.000
15006687	IES de Catabois	Ferrol	A Coruña	1.600	3.000	400	5.000
15009071	CPI Castro Baxoi	Miño	A Coruña	3.800	2.700	2.000	8.500
15024951	CEIP de Louro	Muros	A Coruña	2.200	1.600	1.800	5.600
15010681	CEIP A. Rodríguez Cadarso	Noia	A Coruña	3.500	3.000	1.000	7.500
15010812	IES Virxe do Mar	Noia	A Coruña	2.000	1.900	1.800	5.700
15027939	IES Maruxa Mallo	Ordes	A Coruña	1.500	3.800	1.800	7.100
15026406	IES de Ponteceso	Ponteceso	A Coruña	1.600	1.000	2.400	5.000
15021731	CEIP Fríons	Ribeira	A Coruña	2.300	3.000	1.000	6.300
15014829	CEIP Pedro Barrié de la Maza	Sada	A Coruña	3.200	700	1.800	5.700
15027319	IES de Sar	Santiago	A Coruña	1.500	3.000	1.800	6.300
15032571	CRA de Boqueixón	Vedra	A Coruña	3.000	1.500	1.800	6.300
27013922	CEIP Castro de Ouro	Alfoz	Lugo	2.500	1.200	1.300	5.000
27015301	CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	2.000	1.500	1.600	5.100
27002997	CPI Virxe do Monte	Cospeito	Lugo	3.400	600	2.000	6.000
27005913	CPI Ramón Piñeiro	Láncara	Lugo	3.200	1.500	1.800	6.500
27006541	IES Nosa Señora Ollos Grandes	Lugo	Lugo	1.500	2.000	2.000	5.500
27016455	IES Sanxillao	Lugo	Lugo	3.500	1.500	1.500	6.500
32015116	CEIP Condessa de Fenosa	Barco, O	Ourense	5.000	2.000	2.000	9.000
32001658	CEIP Julio Gurriarán	Barco, O	Ourense	3.800	500	1.000	5.300
32002951	CEIP Calvo Sotelo	Carballiño	Ourense	3.500	1.800	1.000	6.300
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense	2.000	1.800	1.800	5.600
32008941	IES Eduardo Blanco Amor	Ourense	Ourense	2.500	800	2.800	6.100
32015797	CEIP Amaro Refojo	Verín	Ourense	3.000	1.800	1.800	6.600
32015232	IES Lagoa de Antela	Xinzo de Limia	Ourense	1.600	4.000	2.800	8.400
36000031	CEIP Antonio Carpintero	Arbo	Pontevedra	5.000	1.800	2.200	9.000
36000341	CEIP A Pedra	Bueu	Pontevedra	3.000	2.500	3.000	8.500
36001033	CEIP San Roque de Darbo	Cangas	Pontevedra	3.100	3.000	2.000	8.100
36002773	CEIP O Foxo	Estrada, A	Pontevedra	5.500	1.800	1.600	8.900
36019323	IES Chano Piñeiro	Forcarei	Pontevedra	1.200	4.000	1.500	6.700
36017703	CEIP Souto-Donas	Gondomar	Pontevedra	3.400	1.000	2.000	6.400
36018987	CRA Antía Cal	Gondomar	Pontevedra	5.300	2.000	1.800	9.100
36004101	CEIP Xesús Golmar	Lalín	Pontevedra	4.000	1.000	1.000	6.000
36013552	CEIP Seara	Moaña	Pontevedra	3.500	1.500	2.300	7.300
36005245	CEIP Mestre Martínez Alonso	Mos	Pontevedra	2.200	3.000	1.000	6.200
36005956	CEIP Carlos Casares	Nigrán	Pontevedra	4.700	500	1.000	6.200
36005774	CEIP Humberto Juanes	Nigrán	Pontevedra	2.000	2.000	2.900	6.900
36014738	CEIP de Leirado	Salvaterra de Miño	Pontevedra	2.000	1.000	2.000	5.000
36018471	CEIP Rebordáns	Tui	Pontevedra	3.000	3.000	2.500	8.500
36010228	CEIP A Paz	Vigo	Pontevedra	4.000	2.500	3.000	9.500
36009974	CEIP Coutada-Beade	Vigo	Pontevedra	3.300	3.000	1.100	7.400
36010711	CEIP Dr. Fleming	Vigo	Pontevedra	4.500	3.000	2.000	9.500
36010150	CEIP Mestres Goldar	Vigo	Pontevedra	4.000	2.500	2.000	8.500
36010691	CEP Igrexa-Valadares	Vigo	Pontevedra	4.500	2.000	2.000	8.500

Código	Centro	Concello	Provincia	Importes concedidos (€)			
				Fondos	Equipos	Mobiliario	Total
36013448	IES Manuel Antonio	Vigo	Pontevedra	1.500	2.000	2.500	6.000
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	Pontevedra	4.000	0	3.000	7.000
36012742	CEIP Vilaxoán	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	2.500	1.000	2.850	6.350
36013771	IES Fermín Bouza Brey	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	1.300	4.000	3.000	8.300

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 4 de setembro de 2007 pola que se convoca o premio ás actividades produtivas no medio rural pola súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico do Camiño Francés para o ano 2007.

A interacción entre o Camiño de Santiago e o territorio resulta un elemento clave para a súa propia definición, así xa a Lei 3/1996, do 3 de maio, de protección dos camiños de Santiago, o conceptúa como ben de dominio público de carácter cultural incluído na categoría de territorio histórico. O territorio histórico como lugar ou paraxe natural vinculado a acontecementos ou recordos do pasado, creacións culturais ou da natureza e a obras do home que posúan valores históricos ou técnicos encaixa dentro do concepto de bens culturais de carácter ambiental, entendidos como o espazo físico territorial como testemuño cultural, tanto polos sinais do home e as súas formas de asentamento configuradas no tempo como por ser lugar de convivencia e intercambio cultural.

As directrices prácticas sobre a aplicación da Convención para a protección do Patrimonio Mundial adoptada na Conferencia da UNESCO de París de 1972 aluden ao valor universal excepcional que os bens culturais deben incorporar, de xeito que nesa significación universal excepcional concorra o criterio de representar un exemplo destacado das formas tradicionais de asentamento humano ou de utilización das terras representativas dunha cultura.

O Camiño de Santiago responde ao concepto de paisaxe cultural que introducen estas directrices en tanto que se integra nunha complexa trama territorial, de enorme diversidade e riqueza, resultante da acción do home, que exemplifica a permanencia da identidade cultural do pobo galego a través do tempo e que define un concreto modelo de relación coa terra, configurador dunha paisaxe cultural de grande heteroxeneidade no poboamento, na organización espacial, na forma de posesión da terra, e nas estruturas agrarias e de produción. O seu valor reside no interese conxunto e compartido das partes e do seu contexto natural, ao tempo que evidencia a complexidade desa realidade cultural.

En definitiva, a protección desta paisaxe cultural contribúe a utilización viable e á valorización das

terras en tanto que as formas tradicionais de utilización teñen en conta as características e límites do contorno natural e sustentan a biodiversidade.

A esa concepción do Camiño como territorio non lle resulta allea a modernización e a transformación que sufriu o modelo agrario en Galicia desde o último cuarto do século XX, que racha coa harmonía entre a forma e as funcións no territorio, sen manter unha continuidade coa tradición e sen ter en conta os valores naturais e culturais representativos da súa identidade.

Neste sentido, a Consellería de Cultura e Deporte, no marco das súas competencias, crea con esta orde o premio ás actividades produtivas no medio rural pola súa contribución á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico do Camiño Francés, co fin de protexer, preservar e conservar a identidade do contexto natural e territorial do Camiño de Santiago como expoñente dunha realidade cultural, pero tamén social e económica.

O devandito premio persegue o obxectivo de destacar aquelas iniciativas vinculadas ás actividades produtivas de carácter agrogandeiro e forestal, incluíndo as de transformación e comercialización dos seus produtos, que teñan contribuído singularmente á conservación, recuperación e posta en valor do territorio histórico do Camiño, facendo compatibles esas actividades coa preservación dos valores representativos da identidade desa paisaxe cultural. Entre estas iniciativas inclúense as que tivesen por obxecto a recuperación de masas forestais e zonas de cultivos tradicionais, a implantación de novos usos agropecuarios que se integren de xeito harmónico no territorio, a recuperación de conxuntos ou construcións tradicionais para albergar actividades produtivas ou de transformación ou distribución dos produtos agropecuarios, así como a propia calidade e integración na paisaxe e no seu contorno das novas construcións destinadas aos mesmos fins e calquera outras que sen estar expresamente mencionadas nesta relación teñan por obxecto actividades produtivas propias do medio rural e que respondan ao obxectivo do premio.

En uso das competencias conferidas polo Decreto 36/2006, do 23 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Deporte, como órgano da comunidade autónoma ao que lle corresponden os aspectos vinculables á protección e promoción do patrimonio cultural da cidade e dos